

pertinentes dirixidas o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.

Vilagarcía de Arousa, a sete de agosto de dous mil un.—O Alcalde-Presidente, Joaquín Javier Gago López. 6570

### *Anuncio de cobranza*

Por medio da presente faise saber que a cobranza en período voluntario do Imposto sobre Actividades Económicas, a tenor do artigo 12 da Ley 39/88 de 28 dic., reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 87 e 88 do Regulamento Xeral de Recadación, será do 17 de setembro ó 19 de novembro de 2001.

*Oficina Recadatoria:* Recadación Municipal, Rúa Santa Lucía nº 4, de 9,00 a 13,30 horas.

*Domiciliación de pagos:* Os contribuíntes poderán efectuar-lo pago a través dunha entidade bancaria. Para elo dirixirán comunicación ó órgano recadatorio correspondente ó menos dous meses antes do comenzo do período recadatorio. Noutro caso surtirán efectos a partir do período seguinte.

*Constrinximento:* Expirado o período voluntario de cobranza as débedas incorrerán no recargo do 20%, intereses de demora e custas de procedemento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, a sete de agosto de dous mil un.—O Alcalde-Presidente, Joaquín Javier Gago López. 6570

\* \* \*

## P O I O

### A N U N C I O

Aprobándose inicialmente polo Pleno, en sesión realizada o día 29 de maio de 2001, este Regulamento e non presentándose reclamación ningunha contra o mesmo, durante o prazo de publicación no Boletín Oficial da provincia de 11 de xuño de 2001, queda aprobado definitivamente, procedéndose a súa publicación.

#### **PROPOSTA DE REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE CULTURA DO CONCELLO DE POIO**

A democracia participativa debe ser un dos obxectivos prioritarios de calquera sociedade. Os Concellos deben, polo tanto, favorecer á participación, poñendo a disposición dos movementos asociativos canles de intervención para tentar de resolver problemas e necesidades de todo o colectivo.

A Cultura forma parte esencial do funcionamento dun Concello e da súa calidade de vida; debe ser

pois, unha cultura viva, diversa e creativa, cunha participación plural e aberta.

Por todo o antedito, xurde a necesidade da creación do Consello Municipal de Cultura do Concello de Poio.

O Consello Municipal de Cultura configúrase como un ente institucional de dereito público, consultivo do goberno municipal, que facilita a participación das entidades culturais na toma de decisións relativas a este sector.

O Consello Municipal de Cultura do Concello de Poio e un órgano colexiado de participación que se constitúe ó amparo do establecido na Constitución Española (artigos 9-12 e 23-1), na Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local; na Lei 30/922 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia; no Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Poio, e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (artigos 130 e 131) que autoriza a creación, composición, organización e ámbitos de actuación dos Consellos Sectorias mediante acordo plenario.

## T I T U L O I

### DISPOSICIONS XERAIS

#### *ARTIGO 1. CREACION E DENOMINACION*

O pleno da Corporación Municipal de Poio acorda a creación do Consello Municipal de Cultura do Concello de Poio, coa finalidade, natureza, funcións, composición e estrutura que se establecen no presente Regulamento.

#### *ARTIGO 2. FINALIDADE*

O Consello Municipal de Cultura configúrase como instrumento básico de participación, negociación e concertación das entidades do ámbito cultural para asesorar, formular propostas e transmitir opinións á Administración Local, Autonómica e Central co fin de fomentar-lo desenvolvemento cultural no seu ámbito territorial.

O Consello Municipal de Cultura configúrase como un órgano colexiado de carácter consultivo, que debe facilitar a participación das entidades culturais do Concello na vida municipal mediante a creación de canles de asesoramento e diálogo que contribúan ó desenvolvemento do sector.

#### *ARTIGO 3. FUNCIONS*

O Consello Municipal de Cultura terá as seguintes funcións:

- Coñecer os criterios e liñas xerais do anteproxecto de orzamentos ós efectos de avaliación no relativo ás materias culturais.

- Coñece-los criterios e liñas xerais dos programas municipais globais ou sectoriais do ámbito cultural.
- Emitir informes por pedimento dos órganos de goberno municipais ou da Comisión informativa correspondente.
- Emitir informes ou propostas por iniciativa propia sobre os aspectos xerais ou concretos da política cultural no ámbito municipal.
- Establecer canles de relación cos sectores sociais interesados ou destinatarios da política cultural municipal.
- Propoñer e/ou realizar actividades culturais de ámbito municipal.

#### *ARTIGO 4. SEDE DO CONSELLO MUNICIPAL DE CULTURA*

O Consello Municipal de Cultura terá a súa sede na Casa do Concello, ou noutro lugar que determine o Goberno Municipal do Concello de Poio.

### TITULO II

#### COMPOSICIÓN

#### *ARTIGO 5. COMPOSICION*

O Consello Municipal de Cultura terá a seguinte composición:

1. O Presidente, que será o Alcalde ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.
2. Un representante, membro da Corporación Municipal de Poio, de cada grupo político con representación no Concello.
3. Máximo de cinco representantes das entidades asociativas, legalmente constituídas, de ámbito cultural ou aquelas da que a actividade sexa maioritariamente cultural, unha por cada parroquia de Poio de xeito que se garanta a representación territorial. No caso de existiren máis dunha asociación na parroquia, o Pleno do Consello Municipal de Cultura elixirá a asociación representante sempre que non houbese acordo entre as mesmas.
4. Un representante da Consellería de Cultura da Xurita de Galicia.
5. Máximo de cinco representantes de entidades asociativas, legalmente constituídas, de ámbito xuvenil, unha por cada parroquia de Poio de xeito que se garanta a representación territorial. No caso de existiren máis dunha asociación na parroquia, o Pleno do Consello Municipal de Cultura elixirá a asociación representante sempre que non hotibese acordo entre as mesmas.

#### *ARTIGO 6. DESIGNACION E DURACION DO MANDATO*

Os membros do Consello serán designados e nomeados por un mandato de catro (4) anos, renovable por períodos de igual duración. Os mandatos faranse sempre coincidir coas lexislaturas políticas municipais.

Cada un dos representantes poderá ter un substituto que exercerá as súas funcións en caso de ausencia xustificada.

Os membros do Consello serán designados polos órganos competentes das diversas asociacións e entidades indicadas anteriormente. Poderán ser substituídos polas entidades, organizacións ou asociacións que os designen; neste caso, os nomeados permanecerán no seu cargo, como máximo, o tempo que reste para o cumprimento do mandato xeral.

#### *ARTIGO 7. CESAMENTO*

Os membros do Consello cesarán ou perderán a citada condición por algunha das seguintes causas.

1. Cumprimento do mandato para o que foi elixido.
2. Renuncia expresa ante o Presidente do Consello e, neste caso, ante o Pleno do Consello.
3. Declaración de incapacidade oti inhabilitación para o desempeño de cargo público, por sentenza xudicial firme.
4. Proposta das entidades ou asociacións que promovesen a súa designación.

### TITULO III

#### FUNCIONAMENTO

#### *ARTIGO 8. ORGANOS DO CONSELLO MUNICIPAL DE CULTURA*

O Consello Municipal de Cultura actuará a través dos seguintes órganos:

- Pleno.
- Presidente.
- Vicepresidente.
- Secretario.

#### *ARTIGO 9. PLENO*

1. O Pleno é o órgano supremo de decisión e formulación da vontade do Consello.
2. O Pleno estará integrado pola totalidade dos membros mencionados no artigo 5, baixo a dirección do Presidente e asistido polo Secretario.
3. Os votos dos membros do Pleno serán persoais e non delegables, recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares, que deberán unirse á resolución correspondente.

4. As votacións poderán ser secretas a petición da maioría simple dos asistentes.
5. En caso de empate nas votacións resolverá o voto de calidade do Presidente.
6. O Pleno reunirse en sesión ordinaria, cando menos, unha vez ó cuatrimestre. Así mesmo, poderá reunirse con carácter extraordinario por iniciativa do Presidente ou un tercio dos seus membros. Ás citadas sesións poderán asistir especialistas técnicos ou persoas competentes na materia cando se considere necesario, os cales participarán con voz, máis sen voto.
7. Para a válida actuación do Pleno será necesaria a maioría absoluta, en primeira convocatoria; e a asistencia alomenos dun tercio dos seus membros en segunda convocatoria. En todo caso, será necesaria a asistencia do Presidente e do Secretario, ou de quen legalmente os substitúa.
8. Poderán formarse comisións de traballo que, por encargo do Pleno, desenvolvan estudos específicos que se consideren necesarios, e informen ó Pleno do seu desenvolvemento e conclusións.

#### ARTIGO 10. O PRESIDENTE

O Presidente será o Alcalde ou o membro da Corporación Municipal en quen delegue.

Son funcións do Presidente:

1. Dirixir as actuacións do Consello Municipal de Cultura e ostentar a súa representación.
2. Convocar as sesións do Consello, presidilas e modera-lo desenvolvemento dos debates.
3. Elaborar a orde do día das sesións do Consello.
4. Ordenar a publicación dos acordos do Consello.

#### ARTIGO 11. O VICEPRESIDENTE

O Vicepresidente será designado polo Presidente.

As súas funcións son substituír ó Presidente en caso de ausencia ou enfermidade do mesmo.

#### ARTIGO 12. O SECRETARIO

O Secretario será un funcionario municipal a designar pola Comisión Municipal de Goberno do Concello de Poio.

Son funcións do Secretario:

1. Asistir, con voz e sen voto, ás sesións do Consello.
2. Custodia-la documentación do Consello.
3. Expedir certificacións das actas, acordos e outros documentos confiados a súa custodia, co visto e prace do Presidente.

4. Estende-las actas das sesións, autorizalas coa súa sinatura e visto e prace do Presidente, e darlle curso ós acordos que se adopten.
5. Cantas outras lle sexan atribuídas polo Consello oti sexan inherentes á súa condición de Secretario.

#### DISPOSICION FINAL

En todo o non previsto neste Regulamento, o funcionamento do Consello aterase ó Réxime Xurídico establecido para os órganos colexiados nos artigos 22 e 27 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O que se fai público para xeral coñecemento, facéndose constar que contra o acordo e Regulamento aprobado, pode interpor recurso contencioso-administrativo, directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende esta publicación. De conformidade co disposto no art. 17 e 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, de Facendas Locais e art. 10.1 b) da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

Poio, a 26 de xullo de 2001.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. 6453

\* \* \*

#### CAMBADOS

#### A N U N C I O

En cumprimento do disposto no artigo 93 do T.R.L.C.A.P., faise público que a Comisión de Goberno deste Concello, procedeu á adxudicación dos seguintes contratos de obra:

- \* Infraestructuras no Polígono Industrial Sete Pías, 1ª fase, adxudicada en sesión do 23.7.2001, á empresa COVSA, por un total presuposto de 73.000.000 de pesetas (438.739 euros).
- \* Rede de Saneamento e Pluviais na Rúa Rollo, adxudicada en sesión do 27.7.2001, á Empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L., por un total presuposto de 12.474.411 pesetas (74.973 euros).
- \* Pavimentación da rúa Rodas adxudicada en sesión do 27.7.2001, á empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L., por un total importe de 14.673.126 pesetas (88.187 euros).

Cambados, a 6 de agosto de 2001.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 6567